

Triacastela perde 20.000€ dunha axuda de Medio Ambiente para mellorar o Camiño de Santiago debido “á incompetencia” da alcaldesa

Así o recoñeceu a rexedora en Pleno, indicando que o motivo que propiciou esta perda foi que a entidade local realizou a solicitude sen contar antes cos permisos de Patrimonio

Miguel Fernández considera “con esta mala xestión, o Goberno municipal está prexudicando os intereses dos cidadáns. É unha mágoa que a alcaldesa deixase pasar unha ocasión coma esta. É unha oportunidade perdida, que evidencia que Triacastela require dunha maior responsabilidade no exercicio dos cargos públicos”, afirma

TRIACASTELA, 11 DE FEBREIRO DE 2015.- Os socialistas de Triacastela lamentan que a entidade local perdesse 20.000 euros procedentes dunha subvención da Consellería de Medio Ambiente para a execución da mellora dun treito no Camiño de Santiago, ao seu paso pola localidade de Biduedo, por mor “da incompetencia” da alcaldesa.

O voceiro do grupo municipal do PSOE –Miguel Fernández- fai estas declaracións porque, tal e como recoñeceu rexedora en Pleno, a entidade local realizou a solicitude sen antes contar cos permisos de Patrimonio. Concretamente, o departamento autonómico emitiu un informe previo ao inicio das obras, indicando quen non estaba permitida unha parte das mesmas, de tal xeito que o concello só podería dispoñer do 30% da subvención, é dicir, uns 6.000 euros. Finalmente, a entidade local declinou definitivamente a súa execución, perdendo así o importe total da subvención concedida.

“Este é un claro exemplo de desidia e abandono que un concello como o Triacastela non se pode permitir, pois era unha das escasas ocasións nas que a entidade local podía executar obra pública, sen ter que aportar nin un só euro”, subliña o socialista. E que se trata, engade, “dunha nova mostra de mala xestión. Todos lembramos o que pasou como se tramitou a contrución dun muro de peche dunha finca na mesma zona e que, finalmente, lle costou ao concello máis de 40.000 euros, causando, ademais, un gran impacto visual sobre o Camiño, pois material o granito empregado tampouco está permitido nesa zona ao estar dentro da Rede Natura?”, denuncia o voceiro do PSOE.

“Unha oportunidade perdida”

“Con esta decisión e esta forma de actuar, o Goberno municipal está prexudicando os intereses dos cidadáns. É unha mágoa que a alcaldesa deixase pasar unha ocasión coma esta. É unha oportunidade perdida, que evidencia que Triacastela require dunha maior responsabilidade no exercicio dos cargos públicos. A perda deste diñeiro procedente da Xunta é un bo exemplo delo”, insiste Fernández. Por este motivo, o voceiro socialista esixe ao Goberno local que “asuma a súa responsabilidade e dean explicacións aos veciños, que son, en definitiva, os que sofren as consecuencias da súa mala xestión”.